

Pronomes persoais: resto de casos.

Determinante/pronome αὐτός

¿Por que é importante?

Xa vimos a flexión do nominativo para ir familiarizándonos con eles. Agora veremos o resto de casos.

O determinante e pronome αὐτός substitúe a terceira persoa de plural en todos os casos excepto no Nominativo, de xeito que é interesante coñecelo para completar este apartado.

Ο determinante e pronome αὐτός

	M S	M P	F S	F P	N S	N P
Nom.	αὐτός	αὐτοί	αὐτή*	αὐταί	αὐτό	αὐτά
Acc.	αὐτόν	αὐτούς	αὐτήν	αὐτάς		
Gen.	αὐτοῦ	αὐτῶν	αὐτῆς	αὐτῶν	αὐτοῦ	αὐτῶν
Dat.	αὐτῷ	αὐτοῖς	αὐτῇ	αὐταῖς	αὐτῷ	αὐτοῖς

Este pronome ten tres usos:

1. Pronome persoal de terceira persoa excepto no caso Nominativo.
2. Pronome enfático. Non vai precedido do artigo. (ὁ θεός αὐτός = αὐτός ὁ θεός) “deus en persoa” = latín *ipse, ipsa, ipsum*
3. Pronome de identidade. Vai precedido do artigo. (ὁ αὐτός θεός) = “o mesmo deus” = latín *idem, eadem, idem*.

*N.B.: non confundir αὐτή con αὕτη (pron. Demostrativo “esa”)

Formas do pronome persoal

	1ª S	1ª P	2ª S	2ª P	3ª S	3ª P
Nom.	ἐγώ	ἡμεῖς	σύ	ὕμεῖς	-	σφεῖς
Acc.	ἐμέ / με	ἡμᾶς	σέ / σε	ὕμᾶς	ἐ / ἐ	σφᾶς
Gen.	ἐμοῦ / μου	ἡμῶν	σοῦ / σου	ὕμῶν	οὔ / ού	σφῶν
Dat.	ἐμοί / μοι	ἡμῖν	σοί / σοι	ὕμῖν	οἷ / οἱ	σφῖν

Hai varios puntos importantes con respecto aos pronomes persoais:

1. O **nominativo** dos pronomes persoais úsase pouco, só para dar énfase ou marcar unha oposición.
2. Pódese incrementar o énfase coa partícula –γε (e.g. ἐγωγε)
3. O **xenitivo** dos pronomes persoais pode ter un valor posesivo.
4. As formas tónicas e átonas do singular diferéncianse por:
 1. **Tónicas**: están acentuadas. Úsanse no principio da frase e para resaltar o pronome.
 2. **Átonas**: non están acentuadas. Non poden empezar una frase por seren enclíticas.
5. A forma de 3ª persoa tendeu a desaparecer en ático, sendo substituído por αὐτός.

Analiza sintacticamente e traduce as seguintes frases:

1	ἐγὼ μὲν γὰρ ὑμᾶς καλῶ, ὑμεῖς δὲ οὐκ ἀκούετε.	
2	Ὁ δικαστὴς ἔλεγε αὐτῷ τάδε.	
3	Ἐγὼ μὲν ὁ αὐτός εἰμι, σὺ δὲ μεταβάλλεις.	
4	Οἱ στρατιῶται πρὸς ὑμᾶς βλέπουσιν κακῶς.	
5	Οἱ φιλόσοφοι μαθαίνουν αὐτὴν τὴν ἀλήθειαν.	